




Cóntame:

Querida avó

Querida avoa



Colexio José Cornide Saavedra
A Coruña
CURSO 2021 - 2022



CÓNTAME: QUERIDO AVÓ - QUERIDA AVOA

O paso dos anos déixase ver: van aparecendo Enrugas na pel e Prata nos cabelos, por exemplo. As persoas fanse máis fráxiles e delicadas...e tamén máis valiosas polo seu saber acumulado. Entre os nenos e os maiores adoita haber unha complicidade especial.

O noso obxectivo con este tema é afondar nesta complicidade para que os nenos e as nenas medren converténdoa en respecto e afecto cara as persoas maiores.

Queremos, con este proxecto, facer unha especial e agarimosa homenaxe aos nosos maiores, que neste tempo de pandemia sufriron, ademais dos problemas de saúde, a falta de contacto cos seus seres queridos.

Traballaremos coa figura dos avós, mesmo dos bisavós, pero non só eles, senón en xeral todos os maiores que rodean aos nenos: familiares, veciños, padriños...

1. Ler, contar, cantar, escoitar.

Cada venres, na sesión de lectura en voz alta que compartimos todos no colexio, habemos ler e escoitar textos referidos aos maiores, historias nas que os avós e as avoas, os nosos maiores, son os protagonistas ou nas que eles teñen especial relevancia.

Algunhas destas historias serán as que logo se leven ao escenario da man dos distintos grupos de aula.

Así mesmo, cada titor contará con máis libros para facer lecturas sobre o tema co seu grupo de alumnos e alumnas.





2. Buscar, atopar, informarnos, estudar.

Coma sempre, o desenvolvemento deste proxecto suporá tamén a realización de actividades de busca e restitución de información:

- Tratarémos o tema da evolución do ser humano nas distintas etapas da vida, os seus cambios a nivel fisiolóxico.
- Traballaremos cunha fonte de información moi especial: as persoas maiores que nos rodean. A través delas tentaremos aprender as diferenzas e similitudes entre a súa infancia e a de hoxe: as escolas, os xogos e xoguetes, as profesións...

Temos a intención de convocar ás persoas maiores que rodean aos nenos e nenas para que acudan ao colexio a contarnos a todos como era o mundo cando eles eran nenos, aprender con eles algunha canción, escoitar contos dos que a eles lles contaban... (sempre tendo en conta o protocolo COVID, e a situación sanitaria nese momento)

3. Imaxinar, pensar, expresarnos, crear.

"Cóntame: Querido avó - Querida avoa" contará co seu Caderniño de traballo que, coma sempre, terá o mesmo formato para todos, de infantil ata sexto, con propostas moi abertas que se adapten ás distintas idades.


En principio, algunhas poderían ser:

- Os meus maiores: páxinas para personalizar o traballo debuxando, poñendo fotos... escribindo nomes, describindo a esas persoas que serán os nosos informadores, aportando datos sobre a súa infancia, que nós recolleremos nas páxinas do caderniño.
- A miña escola e a escola dos avós.
- Os meus xoguetes e os xoguetes dos avós.
- Os traballos que tiveron os avós.
- Da mañá á noite: a nosa rutina diaria e a que tiñan os nosos avós.
- Algún xogo, conto, canción que aprendemos cos avós.

4. Cántame con arte.

Como en proxectos anteriores faremos neste algún traballo inspirado en obras de arte.

En principio, escollemos cinco cadros de Frida Kahlo: pensamos achegarnos á súa figura como pintora.



Seguramente o traballo plástico farase a partir do cadro *Mis abuelos, mis padres y yo*, que supón tamén aprender o que é unha árbore xenealóxica. E a partir de aí, facer a propia árbore.



5. No vestíbulo.

Como proposta para o taboleiro do vestíbulo deseñamos a actividade que recibirá o nome de *Quérote, Quéresme*.

A idea é solicitar aos pais que, nun modelo que lles enviaremos, peguen fotos dos nenos cos seus maiores, acompañándoas de frases que os rapaces e rapazas aportarán para explicar por qué se saben queridos polos avós e porque queren eles aos seus maiores. No remate do tema, con estas follas faremos unha exposición cos traballos presentados que quedarán gardados en formato libro e que pasará aos andeis da Biblio onde colocamos os libros feitos por nós.

Queremos facer tamén unha exposición de xoguetes antigos ou tradicionais, libros escolares, contos antigos e outros materiais relacionados coa infancia e o mundo da escola.

6. Saímos polo mundo, recibimos visitas.

Con este tema imos pedir aos maiores das familias que, ademais de informar nas casas aos pequenos sobre distintos aspectos da súa vida (anécdotas, traballos, viaxes, actividades cotiás, aventuras en xeral), se poñan en contacto co colexio, para facer con eles algunha sesión na que canten, conten, expliquen

para todos, cousas da súa infancia e xuventude, o que facían no seu tempo de lecer, como era a radio e a televisión na súa época (contos na radio)...

Pensamos tamén en facer un día de *Patio cos nosos maiores*: xogar da man dos avós aos xogos propios da súa infancia: rodas, buxainas...

O día do peón (12 de novembro) invitaremos aos avós a que veñan a ensinarlles a bailar a buxaina.

O día 19 de novembro, con motivo do Día Universal da Infancia, serán as avoas as invitadas para cantarnos e amosarnos, cantigas, retahílas, xogos de corda, botar sortes, etc

Temos intención de poñernos en contacto con algún centro de maiores do barrio para facer algunha actividade conxunta, de xeito telemático, ou presencial, se a situación sanitaria o permite.

En canto ás nosas saídas, temos proxectada unha visita a Santiago de Compostela; ao MUPEGA para coñecer a escola dos nosos antergos e ao Museo do Pobo Galego para ver ferramentas, oficios e modos de vida doutros tempos en Galicia.

7. A festa das familias.

Celebrarase como sempre no remate do proxecto. Todos os grupos de aula prepararán unha actividade de escenario referida ao tema. Ofrecerana primeiro aos seus compañeiros e compañeiras un venres, na hora do conto. Logo, con todas elas elaboraremos o programa de actuacións para ofrecer ás familias e, neste caso, moi especialmente aos avós.